



IMPRESO SIN DIRECCIÓN	
ESPAÑA	FRANQUEO PAGADO
	Aut. n.º 150.493



De arriba a abaixo: melloras da rúa Manuel Lodeiro, acondicionamento das pistas de Ramil a Lestedo e de Pazos a Lestedo e melloras no campo da festa de Lamas

# Investimento de 90.000 € na mellora de pistas e do interior das aldeas

O Concello de Boqueixón aproveitou estes meses de verán para mellorar a seguridade viaria en varias zonas do municipio, así como acondicionar o interior das aldeas de Pazos e Lamas. Unhas actuacións nas que investiu uns 90.000 euros e que se suman aos traballos

de roza acometidos nas pistas de todas as parroquias. Así, rematáronse as obras de mellora da rúa Manuel Rodeiro, en Pazos. Uns traballos que incluíron a canalización das augas pluviais, coa instalación de catro pozos de rexistro e seis arquetas con sumidoiro, así

como a mellora da capa de rodaxe desta rúa, que permite o acceso a esta aldea dende a DP-1202. Así mesmo, realizáronse traballos de mellora no campo da festa de Lamas, onde se atendeu a petición veciñal de demoler o ruinoso palco da música, así

como aglomerar unha superficie de máis dun milleiro de metros cadrados na contorna. Finalmente, o Concello acometeu tamén a mellora de dúas pistas municipais: a que une Pazos con Lestedo e a que conecta Ramil con Lestedo.

### CALENDARIO DO PUNTO LIMPO MÓBIL

De	Ata	Parroquia	Lugar
02-set	15-set	Oural-Pousada-Sucira	Casa da Cultura
16-set	22-set	Ledesma	Campo da Festa
23-set	29-set	A Granxa	Campo da Festa
30-set	13-out	Sergude	Campo da Festa de San Bieito

## Excursión á Costa da Morte e Fisterra o 21 de setembro

“Boqueixón en ruta” volve o 21 de setembro cunha excursión á Costa da Morte e Fisterra. Inscripcións no Concello ou no 981 513 115.

## As actividades deportivas comezan o 16 de setembro

O 16 de setembro dará comezo a tempada 2024-2025 das actividades deportivas para persoas adultas (pilates, pilates espalda, zumba, ximnasia de maiores e bailoterapia). Os horarios serán publicados na web municipal.

## Os Cursos de Inglés arrincan en outubro

Os cursos de inglés darán comezo o vindeiro mes de outubro e terán lugar ata xuño de 2025 no CPI Antonio Orza Couto. Máis info: 981 513 115.

## As inscricións en ximnasia e patinaxe para nenos ábreanse o 9 de setembro

O Concello abrirá do 9 ao 16 de setembro as inscricións nas actividades deportivas para nenos (ximnasia e patinaxe). Máis información en [www.boqueixon.gal](http://www.boqueixon.gal).

# 60.000 euros para a mellora enerxética do pavillón do Forte

O conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, Diego Calvo, a directora xeral de Administración Local, Natalia Prieto, e o alcalde, Ovidio Rodeiro, visitaron o pavillón do Forte para coñecer as actuacións de mellora da eficiencia enerxética que se van realizar co apoio da Xunta. O Goberno galego colabora cunha achega de 60.000 euros.

“As actuacións que se levarán a cabo serán as encamiñadas á mellora da eficiencia enerxética da instalación a través do cambio do revestimento da fachada, aplicación de pintura hidrófuga e a posta en marcha dun equipo de aire-auga de bomba de calor que permitirán re-



As obras mellorarán o revestimento da fachada do polideportivo

solver os problemas que estaban a xerar as envolventes”, explica Ovidio Rodeiro.

Boqueixón recibiu nos últimos anos máis de máis de 682.200 euros a través das distintas liñas de apoio

no eido local. De feito, a Xunta xa destinara o ano pasado outros 65.000 euros no marco doutras liñas de axudas do fondo adicional do FCL destinados a mellorar a iluminación deste mesmo pavillón.



O Concello inviste 69.000 euros nesta actuación

## Comezan as obras de mellora dos accesos a Loureda

O Concello está a mellorar os accesos ao lugar de Loureda, onde investirá case 69.000 euros. As obras inclúen a construción dunha cuneta formigonada de 205 metros, a instalación dun sistema de recollida para augas da choiva, o asfaltado dunha zona de 480 m<sup>2</sup> e a mellora con tratamento asfáltico do camiño de acceso ao lugar, ademais da limpeza de gabias e salvagablas.



# O Concello investirá 100.000 € na EDAR de Pousada, que dá servizo ao polígono

O Concello de Boqueixón investirá máis de 100.000 euros na mellora da EDAR de Pumariño (Pousada), que dá servizo ao polígono industrial de Camporrápado. Unha actuación que foi visitada polo secretario xeral de Industria e Desenvolvemento Enerxético, Nicolás Vázquez, acompañado polo alcalde e persoal técnico encargado da obra.

Ovidio Rodeiro agradeceu a colaboración da Xunta xa que “estas liñas axudas son moi importantes para seguir mellorando as nosas infraestruturas e teñen un impacto moi positiva na veciñanza”. Así, destacou que esta actuación “permitirá a reparación e ampliación da capacidade dunha das dúas estacións de depuración de augas residuais que dan servizo ao polígono industrial de Camporrápado e aos veciños e veciñas da contorna”. Unha EDAR

que presta servizo a 200 abonados, o que equivale a unha poboación duns 500 habitantes.

Para incrementar a capacidade de depuración das instalacións, o Concello instalará un novo decantador, unha nova reixa de desbaste automática e unha válvula de corte para o baleirado de lodos, ademais de reparar o decantador secundario.



O secretario xeral de Industria visitou a depuradora de Pumariño



## Melloras no saneamento de Agra e Xiadás

O alcalde asinou con Celso Millán Sexto e Jesús López Silva uns convenios polos que estes veciños ceden os terreos para instalar dúas fosas sépticas que darán servizo de saneamento a 14 vivendas das aldeas de Agra (Loureda) e Xiadás (Gastrar). Unha actuación na que o Concello de Boqueixón investirá máis de 130.000 euros.



## Degustación de petiscos de Galicia sabe a mar en Lestedo

A Feira de Lestedo acolleu o foodtruck da campaña *Galicia sabe a mar*, posta en marcha pola Consellería do Mar para poñer en valor o labor dos profesionais da pesca e do marisqueo. Así, todos os visitantes que o desexaron puideron degustar algún dos petiscos elaborados con produtos certificados do mar e da terra.



## Un cento de persoas participou na Noite Astronómica no Pico Sacro

Un cento de persoas achegouse polo Pico Sacro para desfrutar da Noite Astronómica, organizada polo Concello en colaboración co Observatorio Astronómico da USC Ramón María Aller. Unha observación realizada a través de dous telescopios e baixo as explicacións do profesor José Ángel Docobo.





## A “Noite Velada” enche Ponte Ledesma de luz e música

O campo do río de Ponte Ledesma acolleu a oitava edición da “Noite Velada”, organizada polo Concello e que permite a “exaltación da nosa tradición e da nosa cultura”, explicou o alcalde Ovidio Rodeiro. O Concello alumbeou este fermoso enclave con 300 candeas e 50 teas, mentres que a música puxérona Cantos da Terra, Muxicas da silveira e Radeira.



## Formación en igualdade para o alumnado do campamento CREA

Un grupo de rapaces e rapazas de Boqueixón, de entre 12 e 15 anos, participaron este verán no campamento CREA Igualdade, organizado polo Concello dentro do Plan Correspondentes. Unha iniciativa para favorecer os valores en igualdade na mocidade.



## A Maleta Viaxeira contra a violencia de Xénero visita o Verán Activo

Os nenos e nenas que participan no Verán Activo visitaron a biblioteca municipal para coñecer a Maleta Viaxeira contra a Violencia de Xénero. Ademais de coñecer os seus libros, escribiron as súas impresións sobre a experiencia. Uns libros que están dispoñibles para préstamo na biblioteca.



# O Concello desenvolve unha campaña de limpeza de mobiliario e espazos públicos

O Concello continúa coa súa campaña de limpeza e mantemento do mobiliario e espazos públicos. Así, durante a primeira quincena de agosto acometeuse a limpeza e desinfección dos 800 colectores de recollida de residuos orgánicos, envases lixeiros, vidro e papel do municipio.



Acto seguido, continuouse cos traballos de conservación e limpeza de fontes, lavadoiros e marquesiñas das distintas parroquias, aos que hai que engadir os parques infantís, onde o Concello está a investir 30.000 euros dos orzamentos municipais deste ano.



O Concello dá así continuidade á campaña de roza de pistas municipais, espazos naturais, campos da festa e contornas dos elementos culturais e patrimoniais. Unha actuación rematada a principios de agosto grazas ao traballo de seis tractores.



## Ponte Ledesma celebra as súas festas patronais

As Pandereteiras de Codeso, a charanga Os Celtas, a orquestra Fuego, o trío Manhattan e a fanfarria Furruxa puxeron a música aos tres días de festas patronais en Ponte Ledesma. Tres xornadas con misas cantadas na honra ao Divino Salvador, á Virxe do Carne e ao Santísimo.



## O grupo Son de Gaita ameniza musicalmente as festas de Loureda

Loureda celebrou as súas festas o pasado 4 de agosto, nas que contou coa colaboración do Concello de Boqueixón. Unha xornada festiva que comezou cunha misa solemne ás 13:00 horas e que rematou coa música do grupo Son de Gaita (Sergude).

# CONCILIACIÓN ACTIVA CURSO 2024/2025

## PLAN CORRESPONSABLES

### Madrugada Boqueixón

Servizo de acollida, coidado e vixilancia da rapazada antes do comezo das clases, en horario de 7:30 a 9:00 horas.

Realizarán actividades variadas e relacionadas co fomento de hábitos saudables.

O almorzo será por conta propia ou, no seu caso, vir almorzados da casa.

Co obxectivo de conciliar a vida laboral, persoal e familiar co coidado de fillos e fillas menores, o Concello de Boqueixón presta os seguintes servizos en instalacións municipais e no CPI Orza Couto: Madrugada Boqueixón e Tardes Educativas e de Lecer.

**Dirixido a:** alumnado de infantil, primaria e secundaria, con idades entre os 3 e os 16 anos, empadroados en Boqueixón e/ou alumnado matriculado nun centro educativo do municipio.

#### Inscripcións:

Realizaranse presentando a ficha de solicitude e demais documentación obrigatoria a través da Sede Electrónica municipal (preferentemente) ou ben no Rexistro Xeral do concello. As fichas están dispoñibles na web municipal.

### Tardes Educativas e de Lecer

Servizo de atención a rapazada unha vez que rematan as clases, polas tardes en horario de 15:30 a 18:30.

A rapazada realizará as tarefas escolares diarias e así mesmo desfrutarán con actividades lúdico educativas, lecturas, xogos e obradoiros variados.

Posibilidade de inscricións con frecuencia semanal ou por días soltos, con preaviso por escrito de 3 días, e sempre que existan prazas dispoñibles.

#### Baixas:

Deberán presentarse antes do día 20 do mes anterior e a través da sede electrónica do Concello de Boqueixón (preferente) ou ben no Rexistro xeral do concello. Incluír documentación en solicitude xeral.

#### Pago:

Bimestral e mediante domiciliación bancaria.

Máis información no Concello de Boqueixón ([www.boqueixon.gal](http://www.boqueixon.gal)), por teléfono no 981 51 30 61 ou no 981 51 31 15 e/ou por correo electrónico en [cim@boqueixon.com](mailto:cim@boqueixon.com).



### Lestedo celebra as súas festas coa vista xa posta nas de Lurdes

A banda de Rianxo puxo a música na procesión do Día do Santísimo. O traballo da comisión de festas de Ramil-Lestedo-Cusanca-Picota permitiu tamén celebrar o San Roque, coa AC Mestre Manuel Gacio. E xa chegan as Festas de Lurdes. O sábado 7 co grupo Bomba e a orquestra Origen. E o domingo 8 coas bandas de música de Teo e Santa Cruz de Ribadulla.



### A Banda Cultural de Teo pon o broche de ouro ás Festas de Gastrar

A parroquia de Gastrar celebrou as Festas na honra ao Perpetuo Socorro o pasado domingo 11 de agosto. Tras a misa solemne tivo lugar un pasarrúas e un concerto a cargo da Banda Cultural de Teo. Deste xeito pechouse un programa iniciado en xullo, coas festas na honra ao Santísimo, a Santa Mariña, Santa Lucía e San Antonio.



# A área de Sucira acolle unha acción formativa de pesca sen morte

A área recreativa de Sucira acolleu unha xornada formativa na práctica da pesca sostible, organizada pola Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático en colaboración co Concello. Unha iniciativa na que tomaron parte vinte nenos e nenas de Boqueixón e que foi impartida polo catro veces campión do mundo de pesca deportiva David Arcay.

Ata Sucira achegáronse a conselleira, Ángeles Vázquez; a delegada territorial da Xunta na Coruña, Belén do Campo; os alcaldes de Boqueixón e Vedra, Ovidio Rodeiro e Carlos Martínez; e os concelleiros José Luís Mareque, Ángela Conde e Iván Eirís. A rapazada coñeceu as especies que habitan o río Ulla e como practicar a captura e solta, aprendendo como devolver os peixes ao río sen que sufran dano.



Na xornada participaron unha vintena de nenos e nenas de Boqueixón

A Ruta das Igrexas e da DOP Arzúa-Ulloa incluírá Boqueixón

A Consellería do Medio Rural promove a creación da Ruta das igrexas e da denominación de orixe protexida (DOP) Arzúa-Ulloa como instrumento de dinamización do rural e produto turístico. Esta iniciativa, que capitanea o concello de Curtis, beneficiará outros 31 municipios máis pertencentes ás comarcas de Arzúa, Terras de Melide, A Ulloa, Chantada e Deza, entre os que figura Boqueixón.

A través deste proxecto crearanse novas rutas, cunha visión claramente turística, nas que os visitantes poidan experimentar as diferentes etapas da produción do queixo e, ao mesmo tempo, coñecer o patrimonio da zona. Isto xerará riqueza no territorio e promoverá o comercio dos produtos da zona.



## Boqueixón desfruta das festas na honra a San José e ao Santísimo

Boqueixón celebrou o pasado 24 e 25 de agosto as festas na honra a San José e ao Santísimo, con misas matutinas acompañadas por sesións vermú a cargo da Banda Municipal de Agolada, Son de Gaita e Aires de Broña. Na noite do sábado, Aires de Broña e Discomóvil A Gramola protagonizaron a gran verbena.



## A Granxa celebra as festas de San Lourenzo por todo o alto

A parroquia da Granxa celebrou do 10 ao 12 de agosto as súas Festas de San Lourenzo, que incluíron tres misas solemnes na honra a San Lourenzo, ao Santísimo Sacramento e á Nosa Señora do Carme. A música correu a cargo de Óbice Capital, Nuevo Siglo, Pandereteiras de Codeso e Unión y Fuerza.





## Gran asistencia de público á recreación da Batalla de Ponte Ledesma

O campo do río de Ponte Ledesma acolleu unha nova edición da recreación da histórica “Batalla de Ponte Ledesma”, organizada polo Concello de Boqueixón e que recrea o enfrontamento que tivo lugar nese

mesmo lugar nos primeiros días marzo de 1809 entre a veciñanza da zona, liderada pola Xunta de Trasdeza, e as tropas napoleónicas.

O acto estivo dirixido polo actor Suso Martínez e o músico Manoele de

Felisa, que explicaron ao público presente os detalles deste feito histórico, no que participaron veciños e veciñas de Boqueixón e os “franceses” da asociación cultural Heroes do Casal do Eirixo (Valga).

O alcalde, Ovidio Rodeiro, agradeceu a colaboración da Consellería de Cultura, da asociación cultural Heroes do Casal do Eirixo, Suso Martínez, Manoele de Felisa e dos veciños e veciñas de Ponte Ledesma.

### AXENDA DO MES DE SETEMBRO

Venres  
6

**Presentación da obra completa de Salvador Soutullo**

Casa da Cultura de Camporrapado. 19:00 h.

Luns  
16

**Inicio das actividades deportivas**

Máis información no Departamento de Deportes.

Sábado  
21

**Baixadas espeleolóxicas ás covas do Pico Sacro**

Ás 10, 12, 16 e 18 h. Inscricións: espeleoloxia@gmail.com

Sábado  
7

**Baixadas espeleolóxicas ás covas do Pico Sacro**

Ás 10, 12, 16 e 18 h. Inscricións: espeleoloxia@gmail.com

Sábado  
21

**Boqueixón en Ruta: Costa da Morte e Fisterra**

Inscricións por orden de anotación no Concello ou no teléfono 981 513 115.

Sábado  
28

**Espectáculo “Camiño Máxico no Pico Sacro”**

Ás 20:30 horas. Pico Sacro. Máis información en [www.boqueixon.gal](http://www.boqueixon.gal)

Máis información e inscricións: Centraliña: 981 513 061 | CIM: 981 513 061 | Cultura: 981 513 115 | Dto. Local e Turismo: 981 513 061  
[concello@boqueixon.com](mailto:concello@boqueixon.com) | [cim@boqueixon.com](mailto:cim@boqueixon.com) | [cultura@boqueixon.com](mailto:cultura@boqueixon.com) | [boqueixonturismo@gmail.com](mailto:boqueixonturismo@gmail.com)